

# Resultados da avaliación de variedades comerciais de millo forraxeiro en Galicia

Amosamos a actualización do ano 2020 das características produtivas e nutricionais das variedades comerciais de millo forraxeiro que foron avaliadas polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

**María José Bande Castro**
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)-Agacal, Xunta de Galicia

A importancia do cultivo de millo forraxeiro no sector agrario e o amplo rango de condicións climáticas nas que é cultivado, fixeron que desde hai anos diversas empresas produtoras de sementes se dedicasen á mellora xenética de numerosos caracteres das sementes de millo mediante hibridación, orixinando incrementos significativos tanto no rendemento como na calidade do cultivo. Isto implica que o número de variedades comerciais presentes no mercado, actualmente, sexa moi elevado e que presenten diferenzas entre elas. No entanto, a información obtida despois dos procesos de mellora nos países de orixe, en ocasións non é válida na cornixa cantábrica debido ás características edafoclimáticas peculiares das zonas húmidas do norte de España.

Así mesmo, o millo tradicionalmente cultivábase para a obtención de gran con moitas aplicacións en alimentación animal e humana, e tamén en procesos industriais. Por este motivo, o obxectivo principal da investigación e desenvolvemento do cultivo estivo centrado na mellora da produtividade e das características de calidade do gran.

Foi a mediados do pasado século cando se lle empezou a dar importancia ao cultivo do millo para producir forraxe para a alimentación de ruminantes mediante o ensilado, utilizando a planta enteira.

Agora mesmo o millo forraxeiro converteuse no cultivo estrela do verán, sementándose en Galicia cada ano unhas 69.000 hectáreas (que supoñen ao redor do 65 % da superficie cultivada do Estado), xa que é unha materia prima imprescindible no racionamento do gando vacún leiteiro. Viuse que a eficiencia na produción de forraxes na propia granxa é un factor clave para mellorar a súa rendibilidade, polo que se deben sementar variedades produtivas e con elevada dixestibilidade para así poder reducir os custos de alimentación. A produción dun silo de calidade require un enfoque integral, pero comeza coa elección dun bo híbrido.

Ante a falta de información sobre as características produtivas e forraxeiras das diferentes variedades comerciais de millo para o seu uso na alimentación animal como forraxe, en 1999 iniciouse

**A PRODUCIÓN DUN SILO DE CALIDADE REQUIRE UN ENFOQUE INTEGRAL, PERO COMEZA COA ELECCIÓN DUN BO HÍBRIDO**

en Galicia un proceso de avaliación de variedades comerciais de millo híbrido para ensilar, aplicando o "Protocolo para a avaliación de variedades de millo forraxeiro" en campos experimentais sementados en catro localidades, situadas nas comarcas de maior produción de millo forraxeiro e abranguendo tamén zonas xeográficas distintas: Sarria (centro sur de Lugo), Deza (nordés de Pontevedra), Ordes (centro da Coruña) e A Mariña Oriental (nordés de Lugo).

O obxectivo desta avaliación é que exista información adaptada á comunidade autónoma de Galicia á hora de elixir as variedades a sementar ao ano seguinte, conforme a resultados de rendemento, comportamento agronómico e calidade nutritiva, polo que é fundamental, por un lado, coñecer e, polo outro, saber interpretar os resultados para tomar a mellor decisión co fin de conseguir optimizar a rendibilidade do cultivo.

Non hai unha única resposta á pregunta acerca de cal é a mellor variedade de millo forraxeiro, pois a variedade máis axeitada depende das condicións particulares de cada gandeiro para cada sementeira. A elección variará en función da data de sementeira, condicións climáticas, alternativa forraxeira, data prevista de colleita etc., e pódese dar o caso de que un mesmo gandeiro elixa distintas variedades para diferentes parcelas.

Nas seguintes táboas exponse a información necesaria para unha boa escolla da variedade a usar. Os resultados aparecen divididos en dúas: táboa 1, na que se atopan as variedades que, cando menos, foron avaliadas durante dous anos e, polo tanto, con datos de maior fiabilidade, e a táboa 2, na que se atopan aquelas variedades cun só ano de experimentación na rede e os resultados considéranse provisionais, dado que un só ano non é suficientemente significativo para facer unha avaliación acertada.

Cabe destacar que os resultados presentados se obtiveron en pequenas parcelas experimentais, en condicións óptimas de coidados de cultivo, polo que os rendementos obtidos son moi superiores aos que se poden obter nunha parcela real de cultivo dunha explotación comercial. Polo tanto, os datos de rendemento serven para comparar unhas variedades con outras, pero non son aplicables para estimar a produción real dunha explotación. »


Variedades maíz Xesga 2020



ES ARMANDI Ciclo 500
ES ZOOM Ciclo 400 Nº1 N.º 1 en red de ensayos oficiales
ES DEBUSSY Ciclo 350 Excelentes resultados en primer año de ensayos MABEGONDO IP 135 con una digestibilidad del 74%
ES METHOD Ciclo 300 Alto grado de satisfacción 2018 y 2019
ES PALLADIUM Ciclo 260 NOVEDAD
Tratamientos semilla: OptiCoat Force 20 CS

SANTA COMBA 981 880 972
LALÍN 986 792 373
CARBALLO 981 701 444
TEIXEIRO 981 789 493
MUIMENTA 982 528 114
MILLADOIRO 981 941 794
www.xesga.net
XESGA
Distribuido por: AGV maïs
Con la garantia de EURALIS
XESGA

## Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación

| Variedade | Días S-C (días) | Altura (cm) | Espiga (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | Anos | Comercial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BARCELOS | 116 | 263 | 49,9 | 20,1 | 14,1 | 106 | 73,0 | 6,8 | 2 | PROCASE |
| KOMPETENS | 116 | 256 | 54,2 | 20,1 | 14,0 | 105 | 72,3 | 6,5 | 2 | KWS |
| AMADEO | 117 | 255 | 53,9 | 20,1 | 14,0 | 104 | 72,3 | 7,0 | 2 | KWS |
| GRIZZLY | 118 | 270 | 52,8 | 21,3 | 15,2 | 113 | 73,9 | 6,7 | 2 | AGROMUNDO |
| DKC 3390 | 119 | 272 | 52,3 | 20,0 | 14,0 | 104 | 72,6 | 7,1 | 6 | MONSANTO |
| ES ALBATROS | 119 | 275 | 53,8 | 21,8 | 14,9 | 111 | 71,3 | 6,6 | 2 | AGV - XESGA |
| MALTON | 119 | 252 | 54,7 | 17,5 | 12,1 | 90 | 71,7 | 7,2 | 2 | BATLLE |
| ARECIBO | 120 | 264 | 49,4 | 20,4 | 14,1 | 105 | 71,9 | 6,9 | 2 | PROCASE-DFV |
| BARSA | 120 | 275 | 53,2 | 20,1 | 13,4 | 100 | 69,8 | 6,8 | 2 | BLUE Semences |
| ES BOMBASTIC | 120 | 269 | 52,6 | 21,4 | 14,5 | 108 | 70,8 | 6,8 | 2 | EURALIS |
| ES METRONOM | 120 | 273 | 52,7 | 21,2 | 14,6 | 109 | 71,0 | 6,7 | 2 | EURALIS |
| LG 31.276 | 120 | 282 | 48,5 | 23,0 | 16,0 | 120 | 72,7 | 6,0 | 2 | LG |
| MAS 40.F | 120 | 291 | 45,8 | 26,1 | 18,0 | 134 | 71,6 | 5,9 | 2 | MAS Seeds |
| PHARAON | 120 | 244 | 51,7 | 18,7 | 12,6 | 94 | 70,7 | 6,7 | 6 | ADVANTA |
| QUATRO | 120 | 264 | 51,0 | 21,1 | 14,7 | 109 | 72,0 | 6,6 | 3 | BATLLE |
| RGT AFIXX | 120 | 267 | 52,3 | 21,2 | 14,7 | 109 | 71,7 | 6,9 | 2 | RAGT |
| DARIDOR | 121 | 264 | 49,4 | 19,4 | 13,7 | 102 | 72,9 | 6,5 | 3 | BATLLE |
| ES TOLERANCE | 121 | 274 | 51,3 | 20,3 | 13,9 | 104 | 71,1 | 7,2 | 2 | AGV - XESGA |
| ES WATSON | 121 | 280 | 49,6 | 23,1 | 16,3 | 122 | 73,3 | 6,7 | 2 | EURALIS |
| FENELON | 121 | 276 | 49,4 | 22,4 | 15,9 | 119 | 73,9 | 6,6 | 2 | WAM |
| JULIETT | 121 | 275 | 51,0 | 21,0 | 14,9 | 111 | 73,8 | 6,9 | 2 | LG |
| MEXICANA | 121 | 263 | 50,7 | 20,1 | 14,2 | 106 | 73,0 | 6,7 | 2 | PANAM |
| SUNMARK | 121 | 242 | 49,2 | 20,8 | 14,5 | 108 | 72,3 | 6,7 | 2 | ROCALBA |
| BACKARI | 122 | 277 | 50,7 | 20,9 | 14,4 | 107 | 71,5 | 6,7 | 2 | AGROEUME |
| DYNAMITE | 122 | 274 | 52,4 | 20,1 | 13,4 | 100 | 69,1 | 7,0 | 5 | MAS Seeds |
| ES METHOD | 122 | 292 | 48,7 | 22,2 | 15,2 | 113 | 71,1 | 6,3 | 2 | AGV - XESGA |
| FORVIA | 122 | 268 | 51,0 | 20,9 | 14,2 | 106 | 70,8 | 6,7 | 2 | BLUE Semences |
| LUCAM | 122 | 251 | 53,9 | 19,9 | 13,8 | 103 | 72,5 | 6,7 | 2 | EUROARESPA SL |
| SUFAVOR | 122 | 269 | 48,4 | 21,0 | 14,4 | 108 | 71,7 | 6,8 | 2 | ROCALBA |
| DKC 4117 | 123 | 262 | 51,2 | 21,2 | 14,9 | 111 | 73,1 | 6,5 | 2 | MONSANTO |
| ES PEPPONE | 123 | 286 | 48,0 | 24,4 | 16,9 | 126 | 72,3 | 6,5 | 2 | EURALIS |
| FORTIM | 123 | 273 | 50,4 | 20,4 | 14,0 | 104 | 71,4 | 6,7 | 2 | EUROARESPA SL |
| IZABAL | 123 | 279 | 48,8 | 21,5 | 14,8 | 110 | 71,1 | 6,7 | 2 | PANAM |
| MAS 24.C | 123 | 270 | 51,4 | 22,8 | 15,8 | 118 | 71,9 | 6,3 | 2 | MAS Seeds |
| SURREAL | 123 | 271 | 52,2 | 22,1 | 15,0 | 112 | 70,8 | 6,6 | 2 | ROCALBA |
| SUSANN | 123 | 270 | 49,3 | 20,7 | 14,3 | 106 | 71,6 | 7,0 | 2 | ROCALBA |
| SY KAIRO | 123 | 278 | 55,0 | 21,3 | 14,7 | 110 | 72,0 | 6,6 | 2 | SYNGENTA |
| TALINA | 123 | 270 | 51,7 | 20,6 | 14,4 | 108 | 72,7 | 6,8 | 2 | AGROMUNDO |
| AGV 4308 | 124 | 277 | 49,3 | 23,6 | 16,7 | 125 | 74,0 | 6,6 | 2 | AGV - XESGA |
| LG 31.295 | 124 | 263 | 45,8 | 23,7 | 16,9 | 126 | 74,3 | 6,3 | 2 | LG |
| LIVORNO | 124 | 285 | 47,2 | 22,6 | 15,6 | 117 | 72,0 | 6,2 | 2 | FITÓ |
| CODIGREEN | 125 | 264 | 51,6 | 20,4 | 14,2 | 106 | 72,3 | 6,7 | 2 | CODISEM |
| KENOBIS | 125 | 289 | 45,9 | 23,9 | 16,7 | 125 | 72,7 | 6,3 | 2 | KWS |
| PESANDOR | 125 | 270 | 52,2 | 22,2 | 15,1 | 113 | 70,5 | 6,2 | 2 | KWS |
| SIMPATICO KWS | 125 | 287 | 50,5 | 23,8 | 16,6 | 124 | 72,2 | 6,4 | 2 | KWS |
| SY ZEPHIR | 125 | 272 | 48,5 | 22,6 | 15,6 | 117 | 71,6 | 6,6 | 2 | SYNGENTA |
| BENICIA | 126 | 279 | 51,9 | 21,2 | 14,0 | 105 | 69,3 | 6,0 | 5 | PIONEER |
| CHAMBERI | 126 | 274 | 49,5 | 24,0 | 16,8 | 125 | 73,0 | 6,7 | 2 | AGROEUME |
| DEL RÍO | 126 | 263 | 51,8 | 20,6 | 14,3 | 107 | 72,5 | 6,7 | 2 | PROCASE |
| DKC 4114 | 126 | 264 | 53,3 | 21,2 | 14,5 | 108 | 71,6 | 6,4 | 2 | MONSANTO |
| MT-MOLOSS | 126 | 282 | 45,0 | 22,8 | 15,7 | 117 | 71,3 | 6,4 | 2 | PANAM |
| ARKADI | 127 | 267 | 50,5 | 21,4 | 15,1 | 113 | 73,2 | 6,8 | 2 | AGROEUME |
| ES FLATO | 127 | 267 | 50,0 | 21,1 | 14,5 | 108 | 71,6 | 6,4 | 2 | EURALIS |
| HUXXTOR | 127 | 286 | 48,7 | 22,2 | 15,2 | 114 | 71,0 | 6,5 | 2 | RAGT |

### Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación (continuación)

| Variedade | Días S-C (días) | Altura (cm) | Espiga (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | Anos | Comercial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MARCELLO | 127 | 269 | 52,4 | 20,7 | 14,1 | 105 | 71,1 | 6,7 | 2 | KWS |
| RGT CONEXXION | 127 | 279 | 49,3 | 23,2 | 16,1 | 120 | 71,9 | 6,3 | 2 | RAGT |
| AGROSTAR | 128 | 281 | 49,3 | 21,7 | 14,3 | 107 | 68,8 | 6,7 | 4 | EURALIS |
| DKC 4621 | 128 | 270 | 50,2 | 24,1 | 17,0 | 127 | 73,8 | 6,1 | 3 | MONSANTO |
| MAS 35.K | 128 | 272 | 50,9 | 22,2 | 15,3 | 114 | 71,7 | 6,9 | 2 | MAS Seeds |
| SIRICUS | 128 | 267 | 48,0 | 21,4 | 14,9 | 111 | 72,4 | 6,2 | 2 | AGROMUNDO |
| KANU | 129 | 276 | 51,3 | 21,5 | 14,4 | 108 | 70,1 | 6,4 | 2 | BC |
| OBIXX | 129 | 289 | 51,0 | 22,1 | 15,0 | 112 | 71,0 | 6,5 | 2 | RAGT |
| PHILEAXX | 129 | 265 | 53,2 | 22,0 | 15,2 | 113 | 71,9 | 6,2 | 3 | RAGT |
| ES BOOMER | 130 | 299 | 48,2 | 24,3 | 16,7 | 124 | 71,0 | 6,1 | 2 | AGV - XESGA |
| CLARICA | 130 | 262 | 53,8 | 19,7 | 13,2 | 99 | 70,7 | 6,6 | 5 | PIONEER |
| ELZEA | 130 | 278 | 53,1 | 19,4 | 13,0 | 97 | 70,1 | 6,4 | 2 | PANAM |
| MANACOR | 130 | 277 | 50,7 | 21,7 | 14,8 | 110 | 70,9 | 6,3 | 3 | FITÓ |
| MARTELI | 130 | 268 | 48,6 | 21,9 | 15,1 | 113 | 71,9 | 5,9 | 2 | CAUSSADE |
| WAMGAL | 130 | 295 | 49,8 | 23,3 | 15,5 | 116 | 69,1 | 5,8 | 2 | WAM |
| ANADON | 131 | 264 | 47,5 | 22,7 | 15,8 | 118 | 72,6 | 6,3 | 2 | PROCASE |
| LG 33.85 | 131 | 274 | 50,7 | 23,2 | 15,9 | 119 | 71,0 | 6,4 | 3 | LG |
| RULEXX | 131 | 274 | 52,1 | 23,4 | 16,2 | 121 | 71,8 | 6,4 | 2 | RAGT |
| BC 406 | 132 | 275 | 50,3 | 23,6 | 16,2 | 121 | 71,5 | 6,7 | 2 | BC |
| BUCKLEY | 132 | 273 | 49,7 | 22,3 | 15,6 | 116 | 72,5 | 6,2 | 2 | ADVANTA |
| DKC 4608 | 132 | 272 | 52,9 | 21,9 | 15,2 | 113 | 72,4 | 5,9 | 2 | MONSANTO |
| DS 0747 | 132 | 271 | 49,8 | 21,4 | 15,0 | 112 | 73,4 | 6,6 | 2 | PROCASE |
| DS 1592 | 132 | 292 | 48,8 | 26,8 | 18,7 | 139 | 72,6 | 6,0 | 2 | PROCASE-DFV |




## Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación (continuación)

| Variedade | Días S-C (días) | Altura (cm) | Espiga (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | Anos | Comercial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LG 30.444 | 132 | 282 | 51,4 | 23,9 | 16,8 | 125 | 73,3 | 6,3 | 2 | LG |
| ES ZOOM | 133 | 283 | 48,0 | 24,1 | 16,9 | 126 | 72,6 | 5,7 | 2 | AGV - XESGA |
| DA SCIPIO | 133 | 273 | 51,4 | 21,5 | 14,9 | 111 | 72,2 | 6,3 | 2 | PROCASE |
| DEVOLVI | 133 | 279 | 49,2 | 22,9 | 16,0 | 120 | 72,9 | 6,4 | 2 | AGROEUME |
| ES SENSOR | 133 | 285 | 52,0 | 23,0 | 16,0 | 120 | 72,2 | 6,1 | 2 | EURALIS |
| HOTSPOT | 133 | 261 | 53,2 | 24,5 | 17,3 | 129 | 73,8 | 6,1 | 2 | Soufflet Seeds |
| MAS 49.G | 133 | 279 | 53,1 | 22,5 | 15,4 | 115 | 71,6 | 6,6 | 2 | MAS Seeds |
| ZP 305 | 133 | 279 | 49,2 | 22,2 | 14,9 | 111 | 69,7 | 6,4 | 2 | WAM |
| AAPOTHEOZ | 134 | 288 | 50,7 | 23,8 | 16,8 | 125 | 73,7 | 5,9 | 2 | ADVANTA |
| LEMORO | 134 | 262 | 52,4 | 21,7 | 14,7 | 110 | 70,8 | 6,0 | 2 | KOIPESOL |
| LG 30.369 | 134 | 255 | 51,5 | 21,1 | 14,9 | 111 | 73,8 | 6,3 | 2 | LG |
| MAMILLA | 134 | 281 | 50,3 | 23,7 | 16,2 | 121 | 70,9 | 6,5 | 2 | CAUSSADE |
| NS 3022 | 134 | 271 | 51,2 | 23,1 | 16,1 | 120 | 72,3 | 6,4 | 2 | WAM |
| ES HORNET | 135 | 296 | 49,4 | 24,7 | 17,2 | 129 | 72,3 | 5,9 | 2 | EURALIS |
| QUERCI | 135 | 272 | 50,5 | 23,4 | 16,5 | 123 | 73,4 | 5,9 | 2 | CAUSSADE |
| ROBERI | 135 | 262 | 48,0 | 22,9 | 16,0 | 119 | 72,7 | 5,9 | 2 | CAUSSADE |
| SY TRIADE | 135 | 294 | 51,2 | 24,6 | 17,2 | 128 | 72,6 | 5,7 | 2 | SYNGENTA |
| URBANIX | 135 | 274 | 51,2 | 24,7 | 17,3 | 129 | 73,1 | 6,0 | 2 | RAGT |
| DS 1609 E | 136 | 280 | 48,5 | 23,0 | 16,1 | 120 | 72,7 | 5,9 | 2 | PROCASE |
| SENKO | 136 | 284 | 47,5 | 22,7 | 15,8 | 118 | 72,6 | 5,7 | 2 | KOIPESOL |
| BC 525 | 137 | 271 | 46,4 | 23,2 | 16,1 | 120 | 72,0 | 6,3 | 2 | BC |
| NS 3023 | 137 | 283 | 49,0 | 23,5 | 16,1 | 120 | 70,9 | 6,1 | 2 | WAM |
| NKCISCO | 139 | 276 | 50,4 | 22,7 | 14,8 | 111 | 68,5 | 6,1 | 2 | SYNGENTA |
| SY GIBRA | 139 | 287 | 51,3 | 27,0 | 19,3 | 144 | 74,4 | 5,9 | 2 | SYNGENTA |
| COURTNEY | 141 | 277 | 47,9 | 22,7 | 15,4 | 115 | 70,9 | 6,0 | 2 | ADVANTA |
| ELDORA | 144 | 290 | 47,4 | 22,7 | 15,2 | 113 | 69,7 | 6,5 | 2 | PANAM |
| **CV (%)** | 3,3 | 4,0 | 6,4 | 8,2 | 8,8 | | 2,0 | 5,7 | | |
| **DMS (5 %)** | 3 | 6 | 1,6 | 0,9 | 0,7 | 5 | 0,7 | 0,2 | | |

## Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación

| Variedade | Días S-C (días) | Altura (cm) | Espiga (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | Comercial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AVENTICUM | 115 | 284 | 47,3 | 21,8 | 15,1 | 113 | 71,5 | 6,4 | FITÓ |
| CODIBLUES | 115 | 277 | 47,1 | 22,4 | 15,5 | 116 | 72,0 | 6,3 | BATLLE |
| LG 31.388 | 115 | 258 | 43,9 | 21,5 | 15,2 | 113 | 73,5 | 6,3 | LG |
| MAS 33.F | 115 | 296 | 41,8 | 23,7 | 16,3 | 121 | 70,7 | 5,9 | MAS Seeds |
| BELIDO | 124 | 283 | 48,0 | 23,1 | 16,0 | 119 | 71,9 | 6,2 | PANAM |
| CHAPALU | 124 | 272 | 46,7 | 22,4 | 15,9 | 118 | 73,8 | 6,3 | CD Seeds |
| FILAE | 124 | 268 | 44,3 | 25,0 | 17,7 | 132 | 74,2 | 5,8 | SOUFFLET Seeds |
| DKC 4071 | 125 | 279 | 49,0 | 25,4 | 17,9 | 134 | 73,5 | 6,2 | MONSANTO |
| SY ORPHEUS | 125 | 286 | 48,7 | 23,5 | 15,4 | 115 | 69,9 | 5,7 | SYNGENTA |
| KIDEMOS | 128 | 262 | 50,9 | 22,8 | 16,1 | 120 | 73,1 | 6,3 | KWS |
| KWS ROMERO | 132 | 284 | 51,0 | 24,0 | 16,8 | 126 | 72,8 | 6,3 | KWS |
| BC 418 B | 134 | 287 | 47,3 | 23,0 | 15,9 | 119 | 71,9 | 6,3 | BC |
| FREEMAN | 134 | 283 | 48,5 | 26,1 | 18,3 | 136 | 72,8 | 5,9 | MAS Seeds |

### INTERPRETACIÓN DAS TÁBOAS

A continuación, detállanse os datos agronómicos de cada variedade citados nas táboas:

**Días s-c:** este valor é un índice do ciclo ou precocidade de maduración, é dicir, os días que transcorren entre a sementeira e a colleita para ensilar na zona máis fría das estudadas, que é a comarca de Ordes, é dicir, con menor integral térmica. Nas zonas con maior integral térmica, temperaturas máis altas no verán, débeselle restar 15 días á cifra da táboa.

Consideramos este parámetro o máis importante para a escolla da variedade, xa que no mercado existen variedades con distintos ciclos que se poden adaptar ao período do que dispón o agricultor entre a sementeira e a colleita, condicionados pola climatoloxía e os cultivos implicados na rotación.

**Altura:** altura total da planta. Unha variedade de elevada altura pode ter maior probabilidade de encamado, sobre todo, nunha zona de fortes ventos.

**Espiga:** porcentaxe que representa a mazaroca (carozo + gran) sobre o rendemento en materia seca, compoñente moi relacionado coa calidade nutricional da forraxe. ▸▸







| | |
|---|---|
| FAO 500 | ES ARMANDI |
| FAO 400 | ES ZOOM<br>ES ANAKIN |
| FAO 350 | ES DEBUSSY |
| FAO 300 | ES HORNET<br>ES METHOD |
| FAO 280 | ES WATSON |
| FAO 260 | ES BOMBASTIC |

EURALIS
Creating seeds and trust

www.euralis-semillas.com

**RMS:** expresa rendemento total da planta enteira en toneladas de materia seca por hectárea.

**RMOD:** rendemento da planta enteira en toneladas de materia orgánica dixestible por hectárea. Considérase o dato máis importante para avaliar o rendemento dunha variedade, xa que recolle a produción de alimento aproveitable polo animal, é dicir, a parte da materia seca que o animal dixire efectivamente.

**IP (índice produtivo):** é a porcentaxe que representa o rendemento de cada variedade en materia orgánica dixestible sobre a media do rendemento das testemuñas "Agrostar", "Clarica" e "Pharaon" (13,4 t/ha MOD), ao que se lle outorga o valor 100 para cada campaña. Este permite de xeito rápido ver aquelas variedades que superan a media das testemuñas, facilitando a selección das variedades máis produtivas.

**DMO:** dixestibilidade in vitro da materia orgánica. Ademais da produción de materia orgánica dixestible por hectárea, é importante a dixestibilidade da ración, dado que inflúe noutros parámetros da alimentación, pois dúas variedades poden ter un similar RMOD, ben debido a unha alta produción de materia seca por hectárea cunha baixa dixestibilidade, ou ben debido a unha menor produción de materia seca cunha dixestibilidade maior, e non son equivalentes ambas as dúas producións.

**PB:** proteína bruta, en porcentaxe sobre o rendemento en materia seca, determinada polo NIRS. Aínda que o millo non achega todo o contido proteico necesario para unha ración, hai diferenzas significativas entre as variedades estudadas.

**Anos:** n.º de anos nos que a variedade foi ensaiada.

**Comercial:** entidade comercializadora da variedade.

### Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación (cont.)

| Variedade | Días S-C (días) | Altura (cm) | Espiga (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | Comercial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PESCALI | 134 | 275 | 47,3 | 24,4 | 17,2 | 128 | 73,3 | 5,7 | CAUSSADE |
| ES ANAKIN | 137 | 294 | 50,3 | 25,0 | 17,5 | 130 | 72,9 | 5,9 | EURALIS |
| ES DEBUSSY | 138 | 273 | 47,9 | 25,7 | 18,1 | 135 | 73,6 | 5,9 | AGV - XESGA |
| SANDRO | 138 | 302 | 49,1 | 24,3 | 17,2 | 128 | 73,1 | 6,1 | KOIPESOL |
| DS 1917F | 149 | 268 | 46,0 | 23,2 | 16,2 | 121 | 72,4 | 6,8 | PROCASE-DFV |
| **CV (%)** | 3,3 | 4,0 | 6,4 | 8,2 | 8,8 | | 2,0 | 5,7 | |
| **DMS (5 %)** | 3 | 6 | 1,6 | 0,9 | 0,7 | 5 | 0,7 | 0,2 | |

**CV (%):** coeficiente de variación. É un índice da calidade estatística dos experimentos. Canto máis baixo, mellor.

**DMS (5%):** diferenza mínima significativa. É a menor diferenza que debe haber entre dúas variedades para que poidan considerarse diferentes cunha probabilidade do 95 %.

## ELECCIÓN DAS VARIEDADES

Para a correcta elección da variedade o parámetro máis importante é definir os días transcorridos entre a sementeira e a colleita (días s-c), é dicir, axustar a duración do cultivo de cada unha das variedades ás condicións particulares de cada sementeira, que virá en función da data na que queiramos sementar, condicións climáticas da zona xeográfica onde se desenvolva o cultivo, alternativa forraxeira, condicións da explotación e data prevista de recollida.

Unha vez coñecido o intervalo de precocidade (días s-c) que se pode utilizar na explotación, e se o obxectivo é obter o maior rendemento de alimento aproveitable por unidade de superficie, escolleremos aquela variedade con maior IP. Soamente no caso de IP moi similares deberemos atender a outros parámetros, como poden ser a proteína bruta ou a porcentaxe de mazaroca.

Para obter un boa rendibilidade do cultivo de millo forraxeiro, debemos ter en conta outros factores coma a calidade da semente, as prácticas de cultivo empregadas e a técnica de ensilado.

## REDE DE ENSAIOS EN COLABORACIÓN

- Departamento de Investigación e Transferencia (Agacal)
- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
- Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo

## AGRADECEMENTOS

Agradéceselles aos técnicos á axuda e á contribución ao desenvolvemento deste traballo (persoal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias de Ribadeo, do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo e do Departamento de Investigación e Transferencia de Santiago) e aos propietarios das parcelas nas que se levan a cabo os ensaios a súa dedicación e o seu apoio.

### MÁIS INFORMACIÓN

Os resultados obtidos publícanse nun díptico informativo distribuído entre cooperativas agrarias e agricultores individuais a través das oficinas agrarias comarcais.

Estes datos están tamén dispoñibles na páxina web http://www.ciam.es



RAGT SEMILLAS




**¡ Líder europeo en semilla multiespecie !**

**www.ragt-semillas.es**
RAGT Iberica • Crta. Burgos km. 2,1
Apdo de Correos 612 • 34004 Palencia • España
Tel : (34) 979 725 199 • Fax : (34) 979 711 807

© RAGT Semences

## LA DIFERENCIA DEKALB:
# CALIDAD PARA CONSEGUIR MÁS LECHE POR HECTÁREA AL DÍA

Los mejoradores de DEKALB seleccionan híbridos de silo con las mejores características en términos de calidad, como mayor digestibilidad y energía o mejor calidad de la fibra. Ello resulta en una mayor producción de leche de las vacas de nuestros ganaderos. Conocemos las variedades recomendadas para esta campaña 2020.

EN VÍDEO

## DKC6181

| CICLO / RM | 600 / 110 |
|---|---|

*UN NUEVO LANZAMIENTO DE DEKALB EN CICLO LARGO DE SILO*



**Marcial Costoya**
*Territory Sales Manager Noroeste de Dekalb*

"Es una variedad con muchísima producción de materia seca por hectárea y con una mazorca cónica con elevado número de filas. Tiene una excelente digestibilidad de fibras".




- Incluye el nuevo tratamiento Acceleron.
- Muy buen rendimiento en materia seca y fresca.
- Buen *stay-green*.

## DKC5741

| CICLO / RM | 500 / 107 |
|---|---|

*EL 500 PARA SILO CON MÁXIMA DIGESTIBILIDAD*



**Pablo Amado**
*Asesor agronómico de Dekalb*

"Es una apuesta segura para el ensilado. Destaca prácticamente por todo: un sistema radicular excelente, un tallo muy bueno, una inserción de mazorca baja y una mazorca con una muy buena calidad de grano. Altísima producción de grano por hectárea".




- Híbrido muy productivo y estable.
- Mazorca cónica con muy buen remate.
- Excelente *stay-green*, que destaca especialmente en condiciones de estrés por sequía.
- Acepta muy bien la alta densidad.

## DKC5144

| CICLO / RM | 400 / 101 |
|---|---|

*ALTAS PRODUCCIONES CON TOLERANCIA MÁXIMA A HELMINTHOSPORIUM*



**Marcos García**
*Asesor agronómico de Dekalb*

"Es un híbrido con enorme tolerancia a enfermedades, sobre todo a *helminthosporium* y a roya. Se caracteriza por la enorme cantidad de hoja y forraje, por ser sano y disgestible y por su producción y su cantidad de almidón en el silo".




- Apuesta ganadora de Dekalb, gran estabilidad de producción en todo tipo de ambientes.
- Excelente *look* de silo y sanidad frente a *helminthosporium*.
- Gran volumen de forraje de calidad. Buen comportamiento a alta densidad.
- Mazorca cilíndrica con gran número de granos e hileras.
- Hojas anchas con muy buen *look* y frondosidad.

#LaDiferenciaDEKALB

DEKALB® y Seed Your Success® son marcas registradas del Grupo Bayer.

DEKALB España · @DEKALB_ES · @DEKALB_Iberia · DEKALB España

**www.dekalb.es**

## DKC4621

**CICLO / RM** | **300 / 98**

*EXCELENTE PRODUCCIÓN Y CALIDAD ÓPTIMA, CON GRAN VIGOR DE NASCENCIA*




- Excelente en producción y muy buena calidad de silo. Ofrece máxima digestibilidad con excelentes resultados.
- Buena sanidad de planta, que no requiere alta densidad.
- Gran vigor de emergencia y estabilidad.
- Hojas semierectas. Planta muy frondosa.



**José María Vivero**
*Asesor agronómico de Dekalb*

“Es una variedad muy frondosa que nos dará muchos kilos y que favorece la digestibilidad, pues su mazorca tiene granos muy dentados. Tiene una buena altura de planta, una inserción media de la mazorca, una excelente sanidad foliar y un buen *stay-green*. Recomendaría no sembrarlo a densidades excesivamente altas”.

## DKC4652

**CICLO / RM** | **300 / 98**

*MÁXIMA ESTABILIDAD EN EL RENDIMIENTO, INCLUSO EN AÑOS DIFÍCILES*




- Híbrido con una excelente adaptabilidad y estabilidad.
- Excelente *look* y gran rusticidad.
- Muy buen *stay-green*.



**Pablo Amado**
*Asesor agronómico de Dekalb*

“Se trata de una variedad súper rústica y con muy buen *stay-green*. Tiene un potencial de producción altísimo y lo conserva en tierras de media producción. Proporciona una buena digestibilidad de fibras”.

## DKC4071

**CICLO / RM** | **200 / 90**

*NUEVO HÍBRIDO DE DOBLE APTITUD CON MUY BUENA TOLERANCIA A* HELMINTHOSPORIUM




- Mayor rendimiento en materia seca y en materia fresca que DKC4114.
- Muy buena rusticidad y altura de planta.
- Excelente sanidad con muy buena tolerancia a *helminthosporium*.



**Marcos García**
*Asesor agronómico de Dekalb*

“Mejora a su predecesor, el DKC4114. Mantiene sus grandes propiedades, su *stay-green* y sanidad, y lo mejora en altura y en producción”.

## DKC3575

**CICLO / RM** | **200 / 84**

*NUESTRO NUEVO CICLO CORTO PARA SILO, CON EL SELLO DE LA DIFERENCIA DEKALB*




- Mayor rendimiento en materia seca y en materia fresca que DKC3390.
- Excelente vigor de nascencia y producción.
- Híbrido muy frondoso y con buen *look*.
- Híbrido con precocidad sin renunciar a producción de materia seca.



**José María Vivero**
*Asesor agronómico de Dekalb*

“Tiene un porte un poco más alto que su anterior en su ciclo: DKC3390, muy buen *stay-green*, muy buena rusticidad y más producción. La mazorca es muy larga, remata muy bien en la punta y tiene sobre 18 filas de grano”.